

Baralla, a 8 de Outubro de 2020.

Os representantes das familias no C.P.I Luís Díaz Moreno e a ANPA poñémonos de novo en comunicación cas nais e pais tras a reunión tida cas familias o 7 de Outubro do 2020.

**Acórdase en dita reunión** levar a cabo unha **votación non oficial** da intención das familias, si queren o **horario proposto e aprobado polo claustro e o consello escolar o pasado curso 2019-2020** (ver documento axunto) ou non están a favor de ningunha modificación do horario escolar vixente.

Sempre tendo en conta tanto o estado actual de pandemia do COVID-19 e as súas complicacións a nivel escolar, como todas as circunstancias desfavorables do mesmo citadas anteriormente no documento do 22 de Setembro do 2020.

Queremos que isto se vexa como unha oportunidade real de que todas as familias estean ben informadas, sexan coñecedoras e saber a súa intención real chegado o momento dunha votación oficial autorizada pola Administración Educativa.

Recordamos que o pasado curso 2019-2020 se celebrou unha sondaxe entre as familias, isto proporcionounos, coñecer unha idea aproximada de estas, en canto ao cambio de xornada partida ou continuada. **Resaltar que o resultado foi favorable para o cambio á xornada continua no 58% do total do censo de pais, nais e titores legais do alumnado como marca a Orde do 29 de maio de 2008.**

Motivo polo cal, os representantes dos pais, a ANPA e o colexio continuaron a traballar e a dialogar sen cesar para que a

Administración nos concedese unha votación en réxime extraordinario.

En resumo, tras esta última reunión cas familias, o 7 de Outubro do 2020, chegase ao acordo de realizar unha votación a favor ou non do horario escolar de xornada única(ver documento adxunto) **primeiro**, para que as familias sexan coñecedoras do horario que se elixiu e **segundo**, si seguimos tendo o silencio Administrativo ou a negativa da mesma, para contar co respaldo das familias á hora de manifestarnos para e polo cambio.

***Así mesmo, convócase a todas as familias dos alumnos do C.P.I Luís Díaz Moreno a unha votación para cambio de horario cos seguintes parámetros:***

**Carácter: extraordinario.**

**Data: 13 de Outubro do 2020.**

**Hora: en horario ininterrompido de 8:00h da mañá ás 22:00h da noite.**

**Lugar: Centro Sociocultural de Baralla.**

**Forma: Un só voto de pai, nai ou titor legal por familia.**

***A votación non ten carácter legal senón informativo***

*Pedimos o apoio de todas as familias para que vaiades votar, necesitamos coñecer a vosa intención de voto tanxible, por todo o que estamos a pedir e a pelexar, levamos un duro traballo de diálogo e trámites administrativos, por iso necesitamos saber si esta loita merece a pena continuala ou por outra banda queredes que desistamos.*

Sentimos todas as molestias causadas, para calquera dubida ou aclaración non dubidedes en poñervos en contacto con nós. Agardámosvos a todos.

M<sup>a</sup> Candelaría Fraga González

(Representante das familias)



Rosa Mallo Ferández

(Representante das familias)



Manel Rodriguez Vilela

( Representante da ANPA)

